

INSTRUCCIÓN AG/DF-EXP Nº 1/2024: Criterios que debe cumprir e procedemento que debe seguir na obtención da capacitación inicial o persoal que manexe animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia.

1. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Directiva 2010/63/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de setembro de 2010, relativa á protección dos animais utilizados para fins científicos (DOUE do 20 de outubro de 2010).
- Real decreto 53/2013, do 1 de febreiro, polo que se establecen as normas básicas aplicables para a protección dos animais utilizados na experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia (BOE núm. 34, do 8 de febreiro de 2013).
- Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo, pola que se establecen os requisitos de capacitación que debe cumprir o persoal que manexe animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia (BOE núm. 78, do 1 do abril de 2015).
- Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos (DOG núm. 102 do 30 de maio de 2018).
- Decreto 296/2008, do 30 de decembro, de protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia, e polo que se crea o Rexistro dos centros de cría, de subministradores e usuarios e a Comisión Galega de Benestar dos Animais de Experimentación (DOG núm. 11 do 16 de xaneiro de 2009).

2. OBXECTO DA INSTRUCIÓN

Esta instrución ten por obxecto:

- Establecer os criterios que debe de seguir o órgano competente para a resolución de solicitudes de capacitación nas diferentes funcións do persoal que manexe animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia.



- Describir o procedemento que se debe de seguir para as solicitudes de capacitación nas diferentes funcións do persoal que manexe animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia.
- Describir o procedemento que deben seguir os centros para a comunicación da súa dispoñibilidade para albergar Traballos Baixo Supervisión.
- Describir o procedemento que se debe seguir para as solicitudes de validación das capacitacións en experimentación animal obtidas noutros países.
- Describir o procedemento que se debe seguir para as solicitudes de validación das antigas capacitacións en experimentación animal consonte o derogado Real decreto 1201/2005 do 10 de outubro, sobre protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos.

3. ANTECEDENTES

O Real decreto 53/2013 establece a obrigatoriedade de posuír unha capacitación previa axeitada para o persoal que realice as seguintes funcións:

- Función "a": Coidado dos animais.
- Función "b": Eutanasia dos animais.
- Función "c": Realización dos procedementos.
- Función "d": Deseño dos proxectos e procedementos.
- Función "e": Asumir a responsabilidade da supervisión *in situ* do benestar e coidados dos animais.
- Función "f": Asumir a responsabilidade de veterinario designado.

A Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo, establece os requisitos para obter a capacitación inicial nas diferentes funcións.

- No caso das funcións de coidado dos animais "a", de eutanasia dos animais "b" e de realización dos procedementos "c", deberase cumprir con "algún" dos seguintes requisitos:
 - Estar en posesión dun título de formación profesional ou certificado de profesionalidade que contemple os resultados de aprendizaxe incluídos nos módulos correspondentes á función conforme o anexo I da Orde.





- Superar os cursos de formación dirixidos a alcanzar os resultados de aprendizaxe incluídos nos módulos correspondentes á función consonte o anexo I da Orde e realizar un período de Traballo Baixo Supervisión (TBS) ata a adquisición da destreza necesaria para realizar a función de forma autónoma.
- No caso da función de deseño de proxectos e procedementos "d" deberase cumprir os seguintes requisitos:
 - Estar en posesión dun título universitario de licenciatura, grao, mestrado ou doutorado, ou equivalentes, en veterinaria, bioloxía (animal), medicina ou calquera outra disciplina que incorpore no seu programa formativo estudos sobre bioloxía e fisioloxía animal.
 - Superar os cursos de formación dirixidos a alcanzar os resultados de aprendizaxe incluídos nos módulos correspondentes á función consonte o anexo I da Orde.

Tamén poderán obter a capacitación na función "d" aqueles que posúan un título universitario de licenciatura, grao, mestrado ou doutorado, ou equivalentes, diferentes dos anteriores, que superen os cursos de formación correspondentes á función "d", sempre e cando inclúan un módulo adicional sobre fundamentos de bioloxía e fisioloxía animal, orientado á especie ou grupo de especies involucradas.

- No caso da función de supervisión *in situ* do benestar e coidado dos animais "e" deberase cumprir os seguintes requisitos:
 - Estar en posesión dun título universitario licenciatura, grao, mestrado ou doutorado, ou equivalentes, en veterinaria, bioloxía (animal), medicina ou calquera outra disciplina que incorpore no seu programa formativo estudos sobre bioloxía e fisioloxía animal.
 - Superar os cursos de formación dirixidos a alcanzar os resultados de aprendizaxe incluídos nos módulos correspondentes á función consonte o anexo I da Orde.
- A función de veterinario designado "f" pódese obter cumprindo os seguintes requisitos:
 - Estar en posesión dun título universitario de licenciatura, grao, mestrado ou doutorado, ou equivalentes que permita o exercicio da profesión veterinaria.
 - Superar os cursos de formación dirixidos a alcanzar os resultados de aprendizaxe incluídos nos módulos correspondentes á función consonte ó anexo I da Orde.



A Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo, establece na súa disposición transitoria primeira as equivalencias entre as categorías establecidas no derogado RD 1201/2015 e as funcións establecidas no RD 53/2013, do 1 de febreiro, quedando como se indica na seguinte táboa:

RD 1201/2005	RD 53/2013
Antiga categoría A	Coidado dos animais (función a)
Antigas categorías A, B e D2	Eutanasia dos animais (función b)
Antigas categorías B e C	Realización dos procedementos (función c)
Antiga categoría C	Deseño dos proxectos e procedementos (función d)
Antiga categoría D1	Supervisión <i>in situ</i> do benestar e coidado dos animais (función e)
Antiga categoría D2	Veterinario designado (función f)

A capacitación das persoas afectadas pola disposición transitoria primeira da Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo, deberase obter mediante solicitude ao órgano competente da validación das antigas categorías.

A través do Decreto 52/2018, do 5 de abril, creouse a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) e aprobáronse os seus estatutos. En virtude deste decreto, correspóndelle á Agacal realizar os encargos que, no ámbito das súas competencias en materia de formación, lle efectúe a Administración xeral da Comunidade Autónoma. A Agacal é o órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia para o recoñecemento das capacitacións do persoal que manexa animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación.



4. PROCEDEMENTO QUE SE DEBE SEGUIR PARA AS SOLICITUDES DE CAPACITACIÓN

Poderá ser iniciada a petición do interesado, ou do seu representante.

4.1. Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación da solicitude estará aberto todo o ano.

No caso de solicitudes de validacións de antigas categorías, deberase de facer antes do 2 de abril de 2023, posto que esa data marca o final da vixencia das capacitacións obtidas ao abeiro da disposición transitoria primeira da Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo. O prazo de resolución das solicitudes é de tres meses contados dende o momento en que a petición entre no rexistro do órgano competente, polo que se recomenda aos interesados presentar as solicitudes coa antelación suficiente.

4.2. Resolución das solicitudes

Segundo recomendación do anteriormente denominado Ministerio de Economía e Competitividade, cuxas funcións relativas á experimentación animal foron asumidas polo actual Ministerio de Ciencia e Innovación, a Agacal é competente para resolver solicitudes cando se cumpra algún dos seguintes puntos:

- Persoas cuxo curso de formación fose impartido ou recoñecido en Galicia.
- Persoas cuxo Traballo Baixo Supervisión fose executado en Galicia.
- Persoas que traballen en Galicia no momento de realizar a solicitude.
- Persoas que posúan domicilio en Galicia no momento de realizar a solicitude.

En calquera caso, soamente se admitirán aqueles cursos de formación que estean recoñecidos por algunha das comunidades autónomas, coa excepción dos cursos realizados no estranxeiro. Estes poderanse admitir se están acompañados dunha proba documental que acredite e especifique as equivalencias entre os contidos do curso e os módulos descritos no *Documento de traballo sobre o desenvolvemento dun marco común de educación e formación para cumprir cos requisitos da Directiva 2010/63/UE*. A proba documental e o título deberán vir acompañados dunha tradución xurada ao castelán ou ao galego.



A Agacal disporá dun prazo de tres meses para resolver o procedemento.

Unha vez revisada a documentación e comprobada a súa validez, emitirase un certificado de capacitación inicial para cada función solicitada pola persoa interesada. O certificado será válido para todo o territorio nacional e conterá a seguinte información:

- Grupos de especies para os que se está capacitado.
- Data inicial de vixencia da capacitación que será coincidente coas datas seguintes:
 - Data do final do Traballo Baixo Supervisión, no caso das funcións "a", "b" e "c".
 - Data de obtención do diploma do curso de formación no caso das funcións "d", "e" e "f".
 - Data de entrada en vigor da Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo, no caso de persoas que solicitan a validación das antigas categorías consonte o derogado RD 1201/2005, do 10 de outubro.
 - No caso de validacións das capacitacións obtidas no estranxeiro:
 - Data de recoñecemento da capacitación no país de orixe, cando esta leve asociada un prazo de vixencia. Neste caso, respectarase o prazo de vixencia outorgado polo país que expide o recoñecemento, ata un máximo de oito anos contados dende a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente .
 - Data na que a persoa interesada realice a súa petición, no caso de que a capacitación non teña asociada un prazo de vixencia.
- A vixencia da capacitación será, salvo para o caso concreto especificado con anterioridade, de oito anos. Se no transcurso dese tempo a persoa interesada non realizou actividades de formación continua, perderá o recoñecemento da capacitación aínda que teña realizada a solicitude. O procedemento para solicitar o mantemento da capacitación, así como os requisitos para poder mantela, veñen descritos na Instrución AGDF N° 1/2022.

No caso de advertirse algunha falta ou erro na documentación achegada, farase un requirimento dirixido á persoa solicitante, ou entidade representante, segundo o caso, para que emende a solicitude no prazo indicado.



4.3. Documentación que cómpre presentar xunto á solicitude

4.3.1. Documentación que cómpre presentar xunto ás solicitudes de capacitación inicial

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Anexo I, marcando a opción de "capacitación inicial", as funcións e grupos de especies para as que se solicita. No caso de solicitar a ampliación da capacitación a unha nova función e/ou grupo de especies, a persoa interesada deberá marcar as funcións e grupos de especies nas que se está actualmente capacitada.
- Xustificante do pagamento da taxa da solicitude (*Ver apartado 4.5*).
- Copia autenticada ou con sinatura electrónica do diploma do curso de formación no que figuren os contidos específicos á función e ao grupo de especies para os que se solicita a capacitación.
- No caso das funcións "a", "b" e "c":
 - Copia autenticada ou con sinatura electrónica do establecemento do certificado de desenvolvemento do Traballo Baixo Supervisión (Anexo II).
 - Copia autenticada ou con sinatura electrónica do establecemento do(s) informe(s) de habilidades do Traballo Baixo Supervisión (Anexo III para a función "a", Anexo IV para a función "b" e Anexo V para a función "c").
 - De ser o caso, copia autenticada ou con sinatura electrónica da autorización previa para iniciar o Traballo Baixo Supervisión antes de rematar os cursos de formación ou para a súa realización fóra dun establecemento autorizado (*Ver apartados correspondentes de Inicio, Localización e Procedementos do Traballo Baixo Supervisión*).
- No caso de achegar un curso ponte para obter unha nova función, deberase presentar, polo menos, un dos seguintes documentos:
 - Copia autenticada ou con sinatura electrónica da capacitación na función previa.
 - Copia autenticada ou con sinatura electrónica do diploma do curso de formación na función previa.
- No caso de presentar un Traballo Baixo Supervisión adicional para ampliar unha capacitación a un novo grupo de especies, deberase achegar a seguinte documentación:
 - Copia autenticada ou con sinatura electrónica da capacitación na función que se solicita ampliar.





- Copia autenticada ou con sinatura electrónica do diploma do curso de formación no que figuren os contidos específicos á función e ao grupo de especies para os que se solicita a ampliación.
- Calquera outra documentación pertinente como documentos de representación (*Ver apartado 4.4.2*), xustificación de domicilio ou traballo en Galicia (*Ver apartado 4.8*).

4.3.2. Documentación que cómpre presentar xunto ás solicitudes de validación de capacitación obtidas no estranxeiro

4.3.2.1. Solicitudes de validación de capacitacións obtidas noutros Estados membros da Unión Europea

Se o idioma da documentación achegada pola persoa solicitante é diferente ao galego ou ao castelán, deberá acompañarse dunha tradución xurada a calquera destas dúas linguas.

4.3.2.1.1. *Estados membros onde a actividade está regulada:*

A Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo, establece que o recoñecemento de capacitacións por parte da autoridade competente dun Estado membro terá efecto en España. Polo tanto, a solicitude de validación entre as capacitacións procedentes doutro Estado membro é voluntaria. Sería recomendable solicitala no caso de que se prevexa que a vixencia do certificado estranxeiro expire durante a estancia en España. Para solicitala deberase achegar a seguinte documentación:

- Anexo I, marcando a opción de validación, as funcións e grupos de especies para as que se solicita a validación e as capacitacións obtidas no estranxeiro equivalentes ás funcións descritas na Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo, tendo en conta que non sempre será posible establecer equivalencias directas.
- Xustificante do pagamento da taxa (*Ver apartado 4.5*).
- No caso de que a autoridade competente do Estado membro expida certificados de capacitación ou autorización expresa para traballar, deberase achegar copia autenticada ou con sinatura electrónica destes. Se o certificado non indica de forma expresa a vixencia deste, deberase achegar un certificado adicional emitido pola mesma autoridade onde se especifique a data final de vixencia ou, se é o caso, a súa validez indefinida.



- No caso de que a autoridade competente do Estado membro NON expida certificados de capacitación ou autorización expresa para traballar, deberase achegar copia autenticada ou con sinatura electrónica dun certificado da autoridade competente de que reúne os requisitos legalmente establecidos para poder exercer no país, con mención expresa da vixencia da capacitación.
- Calquera outra documentación pertinente como documentos de representación (*Ver apartado 4.4.2*), xustificación de domicilio ou traballo en Galicia (*Ver apartado 4.8*).

Se do certificado achegado non se deduce claramente a capacitación ou as funcións que se solicitan validar, requirirase o interesado para que achegue unha certificación complementaria da autoridade competente que o emitiu.

Alternativamente, poderase recoñecer a capacitación inicial, seguindo o procedemento descrito no apartado 4.3.1, se a persoa interesada achega os títulos académicos, diplomas de cursos de formación ou acreditación do Traballo Baixo Supervisión equivalentes aos esixidos na normativa española.

4.3.2.1.2. *Estados membros onde a actividade NON é unha profesión regulada:*

- Anexo I, marcando a opción de “validación” e as funcións e grupos de especies para as que se solicita a capacitación
- Xustificante do pagamento da taxa (*Ver apartado 4.5*).
- Copia autenticada ou con sinatura electrónica dunha certificación acreditativa da autoridade competente na que se especifique expresamente que a actividade non está regulada no Estado membro.
- Documentación acreditativa da formación e da experiencia laboral na actividade:
 - Copia autenticada ou con sinatura electrónica dun certificado de experiencia laboral de dous anos nos últimos dez na actividade que se trate e
 - Copia autenticada ou con sinatura electrónica dos títulos de formación recibida.
- Calquera outra documentación pertinente como documentos de representación (*Ver apartado 4.4.2*), xustificación de domicilio ou traballo en Galicia (*Ver apartado 4.8*).

Alternativamente, poderase recoñecer a capacitación inicial, seguindo o procedemento descrito no apartado 4.3.1, se a persoa interesada achega os títulos académicos, diplomas de cursos de



formación ou acreditación do Traballo Baixo Supervisión equivalentes aos esixidos na normativa española, xunto a unha copia autenticada ou con sinatura electrónica dunha certificación acreditativa da autoridade competente na que se especifique expresamente que a actividade non está regulada no Estado membro.

4.3.2.2. Solicitudes de validación de capacitacións obtidas en terceiros Estados

Neste caso é necesario que o órgano competente da comunidade autónoma expida un certificado de capacitación.

Se o idioma da documentación achegada pola persoa solicitante é diferente ao galego ou ao castelán, deberá acompañarse dunha tradución xurada a calquera destas dúas linguas.

A solicitude deberá de ir acompañada da seguinte documentación:

- Anexo I, marcando a opción "validación, as funcións e grupos de especies para as que se solicita a capacitación e as capacitacións obtidas no estranxeiro equivalentes ás funcións descritas na Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo, tendo en conta que non sempre será posible establecer equivalencias directas.
- Xustificante do pagamento da taxa (*Ver apartado 4.5*).
- Copia autenticada ou con sinatura electrónica do certificado de capacitación do terceiro Estado. Se do certificado non se deduce claramente a habilitación ou a función ou funcións ou especies para as que habilita, ou existen dúbidas sobre a equivalencia da cualificación profesional, poderase requirir o interesado para que achegue unha certificación complementaria da autoridade competente que emitiu o certificado ou a que presente os títulos e diplomas que permitiron a capacitación para ser avaliados.
- Calquera outra documentación pertinente como documentos de representación (*Ver apartado 4.4.2*), xustificación de domicilio ou traballo en Galicia (*Ver apartado 4.8*).

Alternativamente, poderase recoñecer a capacitación inicial, seguindo o procedemento descrito no apartado 4.3.1, se a persoa interesada achega os títulos académicos, diplomas de cursos de formación ou acreditación do Traballo Baixo Supervisión equivalentes aos esixidos na normativa española.



4.3.3. Documentación que cómpre presentar xunto ás solicitudes de validación de antigas categorías, consonte o derogado RD 1201/2005

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Anexo I, marcando a opción "validación", as funcións para as que se solicita a capacitación e as antigas categorías nas que se posúe capacitación.
- Xustificante do pagamento da taxa da solicitude (*Ver apartado 4.5*).
- Copia autenticada ou con sinatura electrónica dos certificados de capacitación nas antigas categorías consonte o derogado RD 1201/2005, do 10 de outubro que se solicitan validar.
- Calquera outra documentación pertinente como documentos de representación (*Ver apartado 4.4.2*), xustificación de domicilio ou traballo en Galicia (*Ver apartado 4.8*).

4.4. Medios para a presentación das solicitudes

4.4.1. Solicitudes presentadas por persoas físicas

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado PR004A, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. (Destinatario: "Consellería do Medio Rural" e "Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal)". Opcionalmente, as solicitudes poderanse presentar de forma presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, dirixíndoas á Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) da Consellería do Medio Rural.

4.4.2. Solicitudes presentadas por persoas xurídicas en representación dunha ou varias persoas físicas

No caso de que a solicitude sexa presentada por unha persoa xurídica, deberá facerse obrigatoriamente por vía electrónica, a través do formulario normalizado PR004A, e terá que ir acompañada dalgún dos seguintes documentos de representación:





- No caso de que unha persoa xurídica actúe en representación dun único solicitante, deberá achegar o "Documento de representación", o cal se pode descargar na seguinte ligazón:
<https://sede.xunta.gal/ficheiros/modelos-normalizados/Representacion-G.pdf>
 - No campo "Código do procedemento" que aparece no formulario indicar "PR004A".
 - No campo "Procedemento" indicar "PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNS QUE NON CONTEN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO ESPECÍFICO NIN CUN MODELO ELECTRÓNICO NORMALIZADO". Neste caso, a persoa para quen se fai a solicitude deberá figurar como solicitante no formulario normalizado PR004A, mentres que os datos da entidade deberán de figurar no recadro destinado ao representante. Ademais deberá achegar o xustificante de pagamento da taxa realizada pola persoa solicitante.
- No caso de que unha persoa xurídica realice unha solicitude en representación dunha pluralidade de persoas físicas, poderá achegar o "Anexo de Pluralidade de Persoas Solicitantes", o cal se achega na presente instrución:
 - No campo "Código do procedemento" do Anexo debe indicarse "PR004A".
 - No campo "Procedemento" debe indicarse "PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNS QUE NON CONTEN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO ESPECÍFICO NIN CUN MODELO ELECTRÓNICO NORMALIZADO". Neste caso, a entidade deberá figurar como solicitante no formulario normalizado PR004A. Ademais, deberá achegarse o xustificante do pagamento da taxa por parte de cada persoa á que represente.

NOTA: No caso de NON empregar o modelo de pluralidade de persoas solicitantes sinalado no parágrafo anterior, ou no caso de que os/as alumnos/as NON autoricen a consulta da súa identidade, a entidade deberá achegar a copia do DNI/NIE destas persoas.

En ambos os dous casos recoméndase o emprego de sinaturas electrónicas. A sinatura manuscrita por parte da entidade obrigará a autenticación dos documentos.



4.5. Pagamento da taxa

No caso de que unha mesma persoa solicite simultaneamente máis dunha capacitación, soamente deberá aboar unha única taxa.

No caso de que se faga unha única solicitude de capacitacións para varias persoas de maneira simultánea, deberase aboar unha taxa por cada persoa. Poderase sumar o importe total de todas as taxas para realizar un único pagamento.

O pagamento poderase realizar a través dalgún dos seguinte medios:

- Accedendo á ligazón:
<http://www.atriga.gal/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/taxas-e-prezos>
- Acudindo a unha das entidades financeiras colaboradoras onde lle facilitarán o impreso de autoliquidación.

Os códigos que cómpre indicar para realizar o pagamento son os seguintes:

- Consellería: Medio Rural (código 09)
- Delegación: Servizos Centrais (código 13)
- Servizo: Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal) (código 17).
- Taxa: Denominación: *Expedición do certificado, acreditación ou carné profesional derivado da realización dun curso de formación* (código 31.04.07).

O importe que cómpre ingresar poderase consultar no Anexo 2. Taxa por Servizos Profesionais: modalidades Administrativo-Facultativas que se atopa na seguinte ligazón (código 31.04.07.04):

<https://www.atriga.gal/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/tarifas-vixentes-de-taxas>

4.6. Achega da documentación complementaria

No caso de que a Administración requira documentación complementaria para resolver a solicitude, esta presentarse preferiblemente por vía electrónica. A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á carpeta cidadá da persoa interesada. No caso de requirimentos,



poderá achegar a documentación necesaria a través da acción "emenda ao requirimento" asociada á súa solicitude.

Opcionalmente, as persoas interesadas tamén poderán realizar os ditos trámites de forma presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Sempre que se realice a presentación dos documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

As persoas xurídicas que actúen en representación doutras persoas terán a obriga de facelo por vía electrónica.

4.7. Consulta de datos

A Administración realizará a comprobación dos documentos que se indican a continuación:

- DNI/NIE da persoa solicitante
- DNI/NIE da persoa representante
- NIF da entidade representante
- Titulación universitaria, no caso das funcións "d", "e" ou "f".

No caso de que o solicitante se opoña á súa consulta, deberá achegar copia do documento de identidade e/ou copia autenticada da titulación universitaria.

4.8. Xustificación de domicilio ou estar traballando en Galicia

A xustificación que acredite a circunstancia de estar traballando en Galicia no momento de realizar a solicitude farase mediante a achega do informe de vida laboral da persoa interesada.

A xustificación de domicilio en Galicia da persoa interesada no momento de presentar a solicitude realizarase mediante a achega dalgún documento acreditativo de tal circunstancia, como pode ser un certificado de empadramento, unha escritura da propiedade da vivenda, un contrato de arrendamento en vigor, xunto co derradeiro recibo pagado, ou un contrato ou factura actual expedido pola compañía subministradora de teléfono, auga, gas, electricidade, etc.



4.9. Notificacións

As notificacións practícaranse obrigatoriamente por medios electrónicos cando os interesados ou os seus representantes se atopen nas condicións fixadas polo artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e pola Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

Nos restantes casos, a persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles. No caso de optar pola notificación en papel, practícarase segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



5. CONSIDERACIÓNS ESPECÍFICAS RELACIONADAS CO TRABALLO BAIXO SUPERVISIÓN

5.1. Aspectos xerais

5.1.1. Definición

A Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo, define o Traballo Baixo Supervisión (en diante, TBS) como “o desenvolvemento das funcións nun contorno real de traballo baixo o seguimento e control dun profesional competente nas tarefas obxecto de supervisión, unha vez superados os contidos teórico-prácticos dun curso”. A realización do TBS é un requisito obrigatorio para obter a capacitación inicial que permite exercer a Función de coidado dos animais “a”, a Función de eutanasia dos animais “b” e a Función de realización dos procedementos “c”. Salvo excepcións, levarase a cabo nun establecemento dun criador, subministrador ou usuario, segundo proceda.

É importante salientar que o TBS non forma parte do curso de formación, nin das clases prácticas relacionadas e debe realizarse unha vez que se teña superado o curso.

No caso das funcións “b” e “c”, é fundamental que a persoa afectada traballe no marco dos proxectos e tarefas que se realicen no transcurso do traballo habitual do centro, é dicir, seguindo o principio de redución. Polo tanto, os animais empregados durante o TBS deberían ser os que se empreguen no traballo habitual do centro ou nos proxectos autorizados con diferentes fins e unicamente e, de xeito excepcional, en proxectos deseñados con fins exclusivamente de formación dos/as alumnos/as do TBS.

5.1.2. Localización

Non é necesario que o centro onde se realice o TBS estea situado en Galicia, aínda que a capacitación vaia solicitarse ante o órgano competente desta comunidade.

O TBS levarase a cabo nun contorno real de traballo, entendendo por tal o establecemento dun criador, subministrador ou usuario autorizados, sen prexuízo das excepcións indicadas no Artigo 11.3 da Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo, que deberán ser autorizadas sempre antes do inicio do mesmo.



5.1.3. Duración

O TBS computarase por **horas de traballo efectivo realizado** para a función correspondente. Só se contabilizarán as horas traballadas nesa función e grupo de especies en concreto e non as horas totais que a persoa dedique a traballar con animais de experimentación.

A duración mínima do TBS deberá ser a seguinte:

- Función a: 20 horas de base + 5 horas por grupo de especie + 10 horas no caso de primates.
- Función b: 10 horas de base + 5 horas por grupo de especie + 10 horas no caso de primates.
- Función c: 100 horas de base + 20 horas por grupo de especie + 40 horas no caso de primates.

No caso de que se desexe ampliar a capacitación dunha destas funcións a outro grupo de especies diferentes do inicial, deberá facerse un novo TBS cunha duración mínima, como norma xeral, de 5 horas para as funcións "a" e "b", ou 10 horas se a especie fose primates, e de 20 horas para a función "c", ou 40 horas se a especie fose primates.

5.1.4. Inicio

A Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo, establece que o TBS iniciárase unha vez superados os contidos teóricos e prácticos dos cursos de formación dirixidos a alcanzar os resultados de aprendizaxe incluídos nos módulos formativos que corresponden ás funcións implicadas. Non será necesario comunicar o inicio.

Non obstante, como se describe no punto 2 do artigo 11 da Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo, poderase autorizar, logo de solicitude do interesado, que persoas que non teñan finalizado os cursos de formación empeñen a desempeñar as funcións de forma provisional e baixo supervisión responsable. No caso concreto da función de realización dos procedementos (función c), as actuacións sobre os animais deberán encadrarse dentro dos procedementos clasificados como «leves» ou «sen recuperación».



Deberase acreditar que o interesado realizou, polo menos, o módulo de “Coidado, saúde e manexo dos animais” e o módulo de “Recoñecemento da dor, o sufrimento e a angustia” dos módulos troncais. En casos moi excepcionais e debidamente xustificados poderase presentar a matrícula ou inscrición nun curso recoñecido ou o compromiso de inscribirse no primeiro que se convoque a nivel estatal.

Este período provisional non poderá ter unha duración superior a seis meses.

O procedemento para solicitar esta excepción vén descrito no apartado 5.2. A solicitude deberase facer antes do inicio do TBS.

5.1.5. Supervisores do TBS

Cada TBS poderá ter un ou máis supervisores. A persoa ou as persoas que desenvolvan esta tarefa serán designadas polo responsable administrativo do establecemento, ou pola persoa en quen delegue, ou pola persoa que exerza a función de supervisión *in situ* á que se refire o artigo 14.4 c) do RD 53/2013, do 1 de febreiro.

Os supervisores deberán reunir as seguintes características:

- Estar capacitado para realizar a función no grupo de especies que supervise. O órgano competente poderá comprobar ou requirir as capacitacións dos supervisores. Tamén poderían desenvolver o labor de supervisor ou veterinario designado, a persoa que exerza a función de supervisión *in situ* do benestar e coidado dos animais ou a persoa que exerza a función de supervisión *in situ* á que se refire o artigo 14.4 c) do RD 53/2013.
- Dispoñer duns coñecementos adecuados e actualizados e ser competente nos procedementos.
- Ter suficiente antigüidade para infundir respecto e autoridade no que se refire aos seus coñecementos e experiencia. Idealmente, debería contar como mínimo cunha experiencia dun ano no desempeño autónomo da función que vai supervisar.
- Ter habilidades pedagóxicas, é dicir, ser capaz de transmitir coñecementos e habilidades a outros.
- Comprender os motivos polos que a formación e a supervisión son importantes.





- Ter boas habilidades interpersoais.
- Estar comprometido a aplicar tanto a letra como o espírito da lei.

5.1.6. Certificado e informe

Unha vez rematado o TBS, o centro emitirá os seguintes documentos:

- Certificado de desenvolvemento do Traballo Baixo Supervisión (Anexo II), asinado polo responsable administrativo do centro, ou pola persoa en quen delegue, indicando para cada función e grupo de especies:
 - A identificación do supervisado, centro e supervisor(es)
 - O número de horas de traballo efectivo
 - O período durante o cal se desenvolveu o TBS, podendo ser simultáneo para as diferentes funcións e grupos de especies implicadas
 - No caso das funcións "b" e "c", título(s) e código(s) do(s) proxecto(s) nos que se enmarcaron os traballos e procedementos realizados. Indicarase o código oficial para o que a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias deu autorización
 - Indicación de se o TBS estivo suxeito a unha autorización previa para ser iniciado antes de que o alumnado finalizase o curso de formación ou para ser realizado fóra dun centro autorizado
- Informe(s) de habilidades do Traballo Baixo Supervisión (Anexo III para a función "a", Anexo IV para a función "b" ou Anexo V para a función "c"), asinado polo supervisor do TBS. No caso de intervir máis dun supervisor por función, deberase cubrir un informe de habilidades por supervisor. A listaxe de habilidades que se indican nos tres anexos refírese especificamente ao(s) grupo(s) de especies para os que se solicita a capacitación. Nos informes deberase indicar a seguinte información:
 - A identificación do supervisado, centro e supervisor
 - O número de horas de traballo efectivo
 - Unha cualificación como favorable ou non favorable das habilidades cuxa superación se comprobou



- Na función "c" e, de ser o caso, tamén na función "b", título(s) e código(s) do(s) proxecto(s) nos que se enmarcaron os traballos e procedementos realizados. Indicarase o código para o que a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias deu autorización
- No caso da función "c", unha enumeración de tarefas e/ou procedementos levados a cabo durante o TBS
- Se fose o caso, comentarios sobre o traballo desenvolto

A documentación deberá ser achegada xunto coa solicitude de capacitación inicial.

O centro deberá manter, como mínimo durante cinco anos, copia destes documentos, así coma aqueles que se puidesen xerar durante a realización dos TBS.

5.1.7. Plan de traballo

Para cada TBS recoméndase que o supervisor deseñe un plan de traballo tendo en conta o seguinte:

- Indicar as tarefas e habilidades que van ser obxecto de supervisión e avaliación, e a duración destas.
- Para as funcións "a" e "b" podería ser estándar para todo o centro, describindo as tarefas que cómpre realizar e supervisar segundo cada especie aloxada.
- Para a función "c" debería ser deseñado tendo en conta as necesidades do alumnado e os procedementos dos proxectos nos que vai participar. As actividades incluídas deberán estar previamente aprobadas no marco dun proxecto de investigación autorizado.
- Ter en conta as necesidades do alumnado.
- Contar coa aprobación do responsable administrativo do centro e do responsable da supervisión *in situ* ao que se refire o artigo 14.4 c) do RD 53/2013, do 1 de febreiro.

O centro debería gardar durante cinco anos copia documental deste documento.



5.2. Procedemento para a solicitude de autorización previa para iniciar o TBS antes de rematar o curso de formación

A solicitude de autorización previa para esta excepción deberá presentarse ante o órgano competente que subscribe a presente instrución, unicamente no caso de que o establecemento onde se vaia realizar o TBS se localice en Galicia. Ademais, deberá facerse sempre antes do inicio do TBS.

A solicitude desta excepción deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Escrito do interesado xustificando as razóns que motivan a solicitude da excepción e polas que non é posible esperar á finalización do curso de formación para iniciar o TBS.
- Escrito do responsable administrativo do establecemento onde se vai realizar o TBS, ou do responsable da supervisión *in situ* ao que se refire o artigo 14.4 c) do RD 53/2013, do 1 de febreiro, avalando a solicitude. Neste escrito indicaranse o traballo que se vai realizar, a persoa ou persoas que realizarán a supervisión e, no caso da función "c", incluírá unha declaración responsable comprometéndose a que actuacións sobre os animais sexan procedementos clasificados como leves ou sen recuperación.
- Certificado da entidade formadora que acredite que o interesado realizou polo menos o módulo de "Coidado, saúde e manexo dos animais" e o módulo de "Recoñecemento da dor, o sufrimento e a angustia" dos módulos troncais. En casos moi excepcionais e debidamente xustificadas poderase presentar a matrícula ou inscrición nun curso recoñecido ou o compromiso de inscribirse no primeiro que se convoque a nivel estatal.
- *Curriculum vitae* do solicitante.

Para presentar esta solicitude seguirase o procedemento descrito previamente nos puntos 4.4, 4.6, 4.7, 4.8 e 4.9 da presente instrución. Para realizar a solicitude deste procedemento non será necesario aboar ningunha taxa.

5.3. Comunicación de dispoñibilidade dos centros para albergar Traballos Baixo Supervisión

Non é necesaria a autorización previa para que un centro albergue a realización dun TBS. Con todo, os centros deberán comunicar en todo caso a súa disposición ou non disposición para desenvolver o TBS. Deberán informar ademais sobre os seguintes aspectos:

- Funcións e especies nas que se poderían facer os TBS.
- Disposición para admitir o persoal externo ademais do seu propio persoal.
- Previsión da posibilidade de asinar convenios ou acordos con entidades formativas para permitir que o alumnado destas entidades realice o TBS no seu establecemento.

5.3.1. Procedemento

A comunicación farase exclusivamente por vía electrónica a través do formulario normalizado PR004A, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. No destinatario indicar "Consellería do Medio Rural" e "Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal)".

A documentación que cómpre achegar será a seguinte:

- Comunicación sobre a disposición do centro para desenvolve o TBS (Anexo VI), onde se recollerá información sobre os seguintes aspectos:
 - Se están dispostos a que no seu establecemento se leve a cabo o TBS.
 - Funcións e especies nas que se podería desenvolver o TBS.
 - Se están dispostos a admitir o persoal externo ademais do seu propio persoal.
 - Se prevén a posibilidade de asinar convenios ou acordos con entidades formativas para permitir que alumnado destas entidades realice o TBS no seu establecemento.

No caso de que o centro cambie de criterio nalgún destes aspectos, deberá facer unha nova comunicación a través do procedemento xenérico PR004A achegando o Anexo VI coa información actualizada.



6. ASPECTOS RELATIVOS Á VALIDEZ DA DOCUMENTACIÓN ACHEGADA

Con carácter xeral, a documentación achegada pola persoa interesada deberá estar asinada:

- Se o documento está asinado electronicamente pero non dispón de Código seguro de verificación (en diante CSV), recoméndase a súa presentación a través do rexistro electrónico para validar a autenticidade da dita sinatura. En caso contrario, este extremo non poderá ser verificado.
- Se o documento contén sinatura manuscrita a persoa interesada poderá achegalo de forma presencial, aportando o documento orixinal, ou a través do rexistro electrónico. Neste último caso, deberá achegar copia autenticada do documento que se trate. (pode consultar o procedemento para a autenticación de documentos na seguinte ligazón https://www.xunta.gal/oficina-de-rexistro-e-informacion/copias-electronicas-autenticas?langId=gl_ES)

Agacal admitirá de xeito excepcional e nos seguintes casos documentos sen sinatura:

- Cando a documentación se expida no estranxeiro.
- Cando a documentación sexa emitida por entidades españolas que non contasen cun sistema de sinatura electrónica no momento da súa emisión .

Nestes casos deberase achegar unha declaración responsable sobre a veracidade da documentación aportada (Anexo VII).



7. ANEXOS

- Anexo I: Anexo iniciador de solicitude
- Anexo II: Certificado de desenvolvemento do TBS
- Anexo III: Informe de habilidades do TBS para a función "a"
- Anexo IV: Informe de habilidades do TBS para a función "b"
- Anexo V: Informe de habilidades do TBS para a función "c"
- Anexo VI: Comunicación sobre a disposición do centro para desenvolver o TBS
- Anexo VII: Declaración responsable sobre a veracidade da documentación relacionada coa formación do persoal que manexe animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia.
- Anexo de Pluralidade de persoas solicitantes

NOTA: Os anexos sinalados poderán ser obxecto de actualización estando a disposición das persoas interesadas para a súa descarga na seguinte ligazón:

<https://agacal.xunta.gal/gl/formacion/entidades-colaboradoras/inscripcion-de-entidades>



ANEXO I

CAPACITACIÓN PARA O PERSOAL QUE MANEXE ANIMAIS EMPREGADOS, CRIADOS OU SUBMINISTRADOS CON FINS DE EXPERIMENTACIÓN E OUTROS FINS CIENTÍFICOS, INCLUÍNDO A DOCENCIA	SOLICITUDE
---	-------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE						
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR PORTA
PARROQUIA			LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2		CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)						
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF

DATOS PARA ÓS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN							
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal :							
TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO					
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE							
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.							
o Electrónica , a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.							
o Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).							
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA			LUGAR				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO												
TIPO DE SOLICITUDE	FUNCIÓN	GRUPOS DE ESPECIES do anexo ii da Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo (non marcar no caso de solicitudes de validación) 1 (roedores), 2 (lagomorfos), 3 (carnívoros), 4 (équidos, ruminantes e porcino), 5 (primates), 6 (aves), 7 (réptiles), 8 (peixes e anfíbios), 9 (cefalópodos), 10 (animais silvestres), 11 (outras especies)										
		<input type="checkbox"/> capacitación inicial	<input type="checkbox"/> "a"	<input type="checkbox"/> 1	<input type="checkbox"/> 2	<input type="checkbox"/> 3	<input type="checkbox"/> 4	<input type="checkbox"/> 5	<input type="checkbox"/> 6	<input type="checkbox"/> 7	<input type="checkbox"/> 8	<input type="checkbox"/> 9
<input type="checkbox"/> mantemento	<input type="checkbox"/> "b"	<input type="checkbox"/> 1	<input type="checkbox"/> 2	<input type="checkbox"/> 3	<input type="checkbox"/> 4	<input type="checkbox"/> 5	<input type="checkbox"/> 6	<input type="checkbox"/> 7	<input type="checkbox"/> 8	<input type="checkbox"/> 9	<input type="checkbox"/> 10	<input type="checkbox"/> 11
<input type="checkbox"/> validación	<input type="checkbox"/> "c"	<input type="checkbox"/> 1	<input type="checkbox"/> 2	<input type="checkbox"/> 3	<input type="checkbox"/> 4	<input type="checkbox"/> 5	<input type="checkbox"/> 6	<input type="checkbox"/> 7	<input type="checkbox"/> 8	<input type="checkbox"/> 9	<input type="checkbox"/> 10	<input type="checkbox"/> 11
	<input type="checkbox"/> "d"											
	<input type="checkbox"/> "e"											
	<input type="checkbox"/> "f"											



A PERSOA SOLICITANTE DECLARA:

1. Que a persoa solicitante de **capacitación inicial** ou de **mantemento de capacitación** está actualmente capacitada pola administración galega ou por outra comunidade autónoma segundo a Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo, para traballar nas función e grupos de especies indicados na seguinte táboa (deberán indicarse todas as capacitación pero soamente deberán achegarse os certificados de capacitación que se necesiten para tramitar as solicitudes de mantemento de capacitación, ou, no caso de capacitación inicial, aquelas necesarias para a adquisición dunha nova función a través dun curso ponte, ou de ampliación de función a un novo grupo de especies a través dun TBS adicional).

FUNCIÓN ORDE ECC/566/2015	GRUPOS DE ESPECIES DO ANEXO II DA ORDE ECC/566/2015, DO 20 DE MARZO											
	1 (roedores), 2 (lagomorfos), 3 (carnívoros), 4 (équidos, ruminantes e porcino), 5 (primates), 6 (aves), 7 (réptiles), 8 (peixes e anfíbios), 9 (cefalópodos), 10 (animais silvestres), 11 (outras especies), te (todas as especies ou sen limitación de especies)											
<input type="checkbox"/> "a"	<input type="checkbox"/> 1	<input type="checkbox"/> 2	<input type="checkbox"/> 3	<input type="checkbox"/> 4	<input type="checkbox"/> 5	<input type="checkbox"/> 6	<input type="checkbox"/> 7	<input type="checkbox"/> 8	<input type="checkbox"/> 9	<input type="checkbox"/> 10	<input type="checkbox"/> 11	<input type="checkbox"/> te
<input type="checkbox"/> "b"	<input type="checkbox"/> 1	<input type="checkbox"/> 2	<input type="checkbox"/> 3	<input type="checkbox"/> 4	<input type="checkbox"/> 5	<input type="checkbox"/> 6	<input type="checkbox"/> 7	<input type="checkbox"/> 8	<input type="checkbox"/> 9	<input type="checkbox"/> 10	<input type="checkbox"/> 11	<input type="checkbox"/> te
<input type="checkbox"/> "c"	<input type="checkbox"/> 1	<input type="checkbox"/> 2	<input type="checkbox"/> 3	<input type="checkbox"/> 4	<input type="checkbox"/> 5	<input type="checkbox"/> 6	<input type="checkbox"/> 7	<input type="checkbox"/> 8	<input type="checkbox"/> 9	<input type="checkbox"/> 10	<input type="checkbox"/> 11	<input type="checkbox"/> te
<input type="checkbox"/> "d"	<input type="checkbox"/> 1	<input type="checkbox"/> 2	<input type="checkbox"/> 3	<input type="checkbox"/> 4	<input type="checkbox"/> 5	<input type="checkbox"/> 6	<input type="checkbox"/> 7	<input type="checkbox"/> 8	<input type="checkbox"/> 9	<input type="checkbox"/> 10	<input type="checkbox"/> 11	<input type="checkbox"/> te
